

Xesús Taboada Chivite (1907-1976)

O 27 de santos de 1976 morría en Verín Xesús Taboada Chivite. Fechábase así unha vida adicada por enteiro ó estudio da etnografía e da arqueoloxía de Galicia. A súa morte supón a perda dun valor indiscutible prá cultura do noso país.

Nado en Verín o 22 setembro de 1907, cursou estudos nesta vila, en Ourense e en Madrid. Posteriormente licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidades de Santiago. Inda mozo trabou contacto en Ourense cos homes do grupo nós e co galeguismo, e fundamentalmente con Vicente Risco López Cuevillas, dos que vai ser fiel discípulo.

A súa laboura investigadora polarizou, xa que logo, cara ós campos científicos que traballaron os ditos mestres: o etnográfico e o arqueolóxico, se ben non deixou de facer atinados traballos no eido histórico, fundamentalmente referido ó seu entorno verinense.

Como etnógrafo Taboada preocupouse principalmente da cultura espiritual e publicou numerosos artigos sobor da mitoloxía, o lexendario popular e o trasfondo máxico-relixioso galego. Entre estes destacan: *La Noche de San Juan en Galicia*. R. D. T. P. VIII-IV-1952; *Algunos aspectos del carnaval en Laza*. Zephyrus, IV, 1953; *El entierro de la sardina. Ritualidad del carnaval gallego*. Rev. Douro-Litoral, VI serie, vol. I-II, 1954; *El culto a los árboles en Galicia*. Hom. a F. L. Cuevillas. Vigo, 1957; *Folklore de Verín*. Orense, 1961; *O culto á Lua no N.O. hispánico*. Rev. de Guimarães, 1961; *La navidad gallega y su ritualidad*. Congreso de Etnografía e Folclore de Santo Tirso. Vol. III. Lisboa, 1965; *O culto das pedras no N.O. peninsular*. Vigo, 1965. (Discurso de entrada na Real Academia Gallega). *Las leyendas castreñas*. IX C.A.N., 1965. Zaragoza, 1966; *Montería y corrida de lobos en Galicia*. Boletín Auriense, T. I, 1971; *Etnografía Galega (cultura espiritual)*, Vigo, 1972; *La encrucijada en el folklore de Galicia*. Bol. Auriense, T. V, 1975; *Ceremoniales ígnicos y folklore del fuego en Galicia*. II Congreso de Artes y Costumbres Populares de Córdoba. Zaragoza, 1974.

Etnógrafo vocacional, fixo grandes esforzos pra salvar na medida do posible as variadas mostras da cultura popular galega, tanto dende o Museo Arqueolóxico de Ourense, ó que dende sempre estivo xunguido, como recentemente dende o Museo do Pobo Galego, do que era Vicepresidente.

Como arqueólogo pode ser considerado como un dos continuadores de Cuevillas, co que colaborou en repetidas ocasións. Neste eido traballou arreo publicando abondosas monografías sobor das culturas pre e proto-históricas, da epigrafía e da romanización. Por vía de exemplo pódense citar: *Insculturas de herradura en la comarca del Támega*. Bol. C. M. Or. XV, 1945; *La cultura de los verracos en el N.O. hispánico*. C.E.G. XII, 1949; *Noticias sobre a Cidá do Castro* (en col. con Cuevillas). Rev. de Guimarães, LXIII, 1953; *Un oppidum de la tribu de los Bibalos*. (en col. con Cuevillas). A. E. Arq., núm. 91, 1955; *Escultura celto-romana*. Vigo, 1965 *Historia de Galiza. Prehistoria. Addenda*. Buenos Aires, 1973; *Ara romana de Villaza*.

B.C.M. Or. XVI, 1948; *Epigrafía romana da região espanhola do Tâmega*. Rev. de Guimarães, LXII, 1952; *Estelas romanas del Castrum Baroncelli (Monterrey)*. A.E. Arq. núm. 117-118, 1968; *Nuevos testimonios del culto a los Lares Viales en la Gallaecia*. III. C.A.N. Portugal. 1973; *Varia epigraphica. Notas sobre nuevas inscripciones romanas en la provincia de Orense*. Bol. Auriense, Vol. III, 1973; *Grupo escultórico romano de Mourazos*. C.E.G. fasc. 58, 1964; *Los tamagani y su romanización*. C.A.N. Mérida. 1968. Zaragoza, 1970. *La romanización del habitat castreño*. Coloquio de Cultura Castreja de Carvalhelhos. Porto, 1973; etc.

Unha constante foi en Taboada a súa preocupación pola salvagarda do patrimonio artístico e arqueolóxico galego. Os seus desvelos e entrega a esta tarefa, iniciada como "Comisario de excavaciones Arqueológicas", tratou de inculcalos como un dos nordes da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudios Galegos, da que era o seu Director.

Cultivou amais o campo da historia con estudos como *Varones ilustres verinenses*, Madrid, 1946; *A Alta Idade Média na Região superior do Tâmega*. Rev. de Guimarães, LXVI. 1956; *Monterrey*, Madrid, 1960; *Los Castillos*, Vigo, 1963; *Guía de Monterrey*, Vigo, 1968; etc.

Un centenar de artigos e libros científicos, amén dunha laboura divulgadora en xornales e conferencias, supoñen unha lección permanente de entrega a Galicia. A altura científica acadada por Taboada Chivite convérteo nun dos investigadores galegos máis rigurosos e considerados en Portugal e en outros países. Proba deso son as distincións que recibiu de institucións españolas e estranxeiras. —Numerario da Real Academia Gallega, da Asociación Española de Etnología e Folklore, da Sociedade de Estudios Clásicos, correspondente da "Real Academia de la Historia", etc. etc.

A perda de Xesús Taboada Chivite deixa un valeiro difícil de encher na intelectualidade galega. A súa calidade humán faise insustituible, pola súa probidade e humildade como científico, polo seu acendrado galeguismo e pola súa cordial e sempre aberta amizade. Dende as páxinas desta revista filolóxica é necesaria a lembranza da obra deste etnógrafo e historiador, na que o hispanista pode atopar un caudal de informacións e materiais prás súas investigacións lingüísticas sobre Galicia.

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ